


OS ESQUEMAS (PROPOSTA DE TRABAJO PARA 3º DE ESO)

Hai moitos tipos de esquemas, pero nós imos distinguir tres grandes bloques: **os de comparación** (procesos de observación das características), **os xerárquicos** (procesos de clasificación) e **os secuenciados** (procesos de ordenación e cambio).

a) Os **esquemas de comparación** presentan a seguinte estrutura:




b) Os **esquemas xerárquicos** son moi frecuentes e diversos. Aquí presentámosche unicamente dous dos máis habituais:

1. O esquema numérico


TÍTULO DO TEMA

1. IDEA PRINCIPAL 1 (Básica)
 - 1.1 IDEA SECUNDARIA 1 (Complementaria)
 - 1.1.1 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.1.2 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.2 IDEA SECUNDARIA 2 (Complementaria)
 - 1.2.1 Detalle / Matiz (Accesorio)
 - 1.2.2 Detalle / Matiz (Accesorio)
2. IDEA PRINCIPAL 2
 - 2.1 IDEA SECUNDARIA 1
 - 2.1.1 Detalle / Matiz
 - 2.1.2 Detalle / Matiz
 - 2.2 IDEA SECUNDARIA 2
 - 2.2.1 Detalle / Matiz
 - 2.2.2 Detalle / Matiz
3. IDEA PRINCIPAL N

2. O esquema de claves



c) Os **esquemas secuenciados** son os que mellor representan a idea de cambio, tanto a través do paso do tempo como as variacións na forma ou nas características dun elemento. Presentan a seguinte estrutura:



¿Como aprender a facer esquemas?

Hai veces nas que, dependendo do tipo de texto, é máis conveniente un ou outro tipo de esquema. Vexamos unhas prácticas:

Práctica 1

No reino animal, os insectos e as aves teñen entre si semellanzas e diferenzas.

Todas as aves voan e para iso están provistas de alas; en cambio non sucede o mesmo cos insectos, aínda que algúns, coma as moscas, poden voar.

As aves teñen o corpo cuberto de plumas e para comer usan un pico que lles permite capturar os alimentos e, ás veces, desgarralos. Pola contra, moitos insectos teñen o corpo cuberto cunha capa dura ou caparazón que lles serve de protección e diversos medios para capturar os alimentos: uns teñen mandíbulas, outros unha pequena trompa para absorber líquidos.

As aves teñen dúas patas mentres que os insectos teñen seis; e algúns, coma as arañas, oito. En canto ó tamaño, é evidente que os insectos son ananos en comparanza coas aves.

Para saber qué tipo de esquema lle vai mellor a este texto, sigue estes pasos:

1º Tes que lelo completo, parágrafo a parágrafo, e anotar de que fala en cada un dos parágrafos (se o necesitas axúdate do subliñado previo):

<i>1º parágrafo</i>	<i>2º parágrafo</i>	<i>3º parágrafo</i>	<i>4º parágrafo</i>

2º ¿Que se compara?

3º Agora xa debes saber que tipo de esquema é o máis conveniente. Elabóralo.

Práctica 2

Son varias as masas de aire que chegan á Península e que contribúen á diversidade do seu clima; son frías se veñen dos polos e cálidas se chegan desde os trópicos; ademais, veñen cargadas de humidade se se achegan desde o océano e secas se veñen desde o continente. Os anticiclóns traen estabilidade e tempo despexado.

O anticiclón dos Azores constitúe unha masa de aire estable, cálida e húmida. No verán sitúase no oeste da Península, impedindo a entrada das borrascas atlánticas; no outono desprázase cara ó sur.

O anticiclón continental fórmase en Centroeuroa no inverno e adoita alcanzar a Península. Á súa vez, na mesma Península, debido ás súas características continentais, fórmase un anticiclón ibérico, de menores dimensións, pero que se suma ó anticiclón europeo.

Para saber que tipo de esquema lle vai mellor a este texto, sigue estes pasos:

1º Tes que lelo completo, parágrafo a parágrafo, e anotar de qué fala en cada un dos parágrafos (se o precisas sublíñaos antes):

<i>1º parágrafo</i>	<i>2º parágrafo</i>	<i>3º parágrafo</i>

2º Di cal é o tema xeral (adoita ir no primeiro parágrafo)

3º ¿Que dous temas importantes se refiren e dependen do tema xeral?

4º Agora xa sabes que che convén usar un esquema xerárquico. Faino de dúas maneiras: un con esquema numérico e outro con chaves.

Práctica 3

Na primavera as polas das árbores adoitan florecer. Aa flores, moitas delas vistósísimas, teñen pistilos, cada un deles cun ovario e multitude de estames recubertos dun po que se chama pole e que nos queda nos dedos cando o tocamos porque ten unha substancia pegañenta e unha superficie moi rugosa.

O pole, arrastrado polo vento ou por algún insecto que o leva pegado ó seu corpo, chega ó pistilo e fertiliza o ovario da flor.

O ovario frutifica, agrándase e forma a semente, que servirá para que poidan nacer máis plantas e a vida da planta siga perpetuándose.

Para saber que tipo de esquema lle vai mellor a este texto, sigue estes pasos:

1º Tes que lelo completo, parágrafo a parágrafo.

2º ¿Cal é o tema xeral? Lembra que moitas veces indícase no primeiro parágrafo, pero outras hai que deducilo do conxunto dos parágrafos, coma aquí.

3º ¿Percibes algunha orde no que se describe? ¿Di algo que se vai sucedendo no tempo, que presenta distintas fases?

4º Elabora o seu esquema.

Agora debes realizar os esquemas dos seguintes textos, escollendo en cada caso o tipo que che pareza máis conveniente.

Práctica 1

O camión é un vehículo automóbil especialmente acondicionado para o transporte de carga. A carrocería está formada por dúas partes montadas sobre un chasis: a cabina, destinada ó condutor e ós axudantes, e a caixa, destinada á carga. A caixa pode ser pechada, aberta ou especial (cisterna, formigoneira, abatible...) O camión lixeiro, dun peso total con carga inferior ós 3000 kg, chámase furgoneta ou furgón cando é de caixa pechada e camioneta cando é de caixa aberta ou plataforma. O camión pesado, de carga útil comprendida entre os 1500 kg e as 38 toneladas, adoita ir equipado con motores diésel de aceite pesado; a caixe de cambios pode chegar a dar oito relacións e a transmisión acostuma ir montada con dispositivos de embrague hidráulico ou convertedor de par, cambio de marchas con preselector e bloqueo de diferencial.

Práctica 2

Xosé Neira Vilas naceu en Gres (Vila de Cruces) no ano 1928 no seo dunha familia labrega. Compaxinou ata os catorce anos a asistencia á escola cos labores do campo. Traballou logo varios anos nas oficinas dun aserradoiro mentres estudaba comercio por correspondencia. En 1949 emigra a Arxentina onde, ó tempo que realiza os traballos máis dispares, segue a estudar e colabora cos intelectuais galegos exiliados. En 1957 casa coa escritora cubana Anisia Miranda e fundan Follas Novas, editorial e distribuidora do libro galego en América. En 1961 instálase en Cuba, onde desenvolve un labor cultural moi importante. Na actualidade está afincado definitivamente en Gres, onde dirixe a Fundación que leva o seu nome ó tempo que colabora activamente na vida xornalística e cultural do país.


Práctica 3

Existen moitos demos e non só un; son moitos pero non están desorganizados. O xefe de todos eles é o Demo Maior, que é o máis malo e horroroso de todos. Pode adoptar formas moi diversas: de castrón ou carneiro negro, de ser horrible con rabo e ás de morcego... Ás veces tamén aparece vestido de señorito e, por suposto, falando en castelán, poñendo moito esforzo en empregar os tempos compostos aínda que non veña a conto.

O Demo Negro é, despois do anterior, o máis malo e malintencionado dos demos. Dedicase a carrexar almas para o inferno valéndose de toda clase de trucos. Adopta formas e transformacións que impresionan, como unha talla moi superior á normal das persoas ou figura de animais non coñecidos e arrepiantes. Varía de lingua segundo lle conveña.

Agora tócache a ti escribir os textos que desenvolvan os seguintes esquemas:

Práctica 1



Práctica 2

A PUBERTADE NOS RAPACES

Tende a aparecer entre os 10 e os 13 anos e remata antes dos 19.

Medran os testículos, aumentando sete veces o seu tamaño.

Aparece a peluxe púbica e os pelos de debaixo dos brazos e do peito.

Médrase unha cuarta parte da estatura neste tempo.

Medra o pene.

Outros cambios: músculos máis grandes e duros e voz máis profunda.